




Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 VBG	Documento 21118102F0	
Código de verificación  4D22 3N37 1D6Y 4N4O 0364	Expediente 211/2024/84	
	Fecha 03-05-2024	

ASUNTO: Informe de inicio do expediente e de necesidade do contrato de prestación de servizo de restauración da CEA DO DEPORTE 2024 por procedemento aberto simplificado “abreviado”.

En relación al asunto de referencia se informa,

1. -OBJECTO.

O presente contrato ten como obxecto o servizo de restauración para a celebración da Cea do Deporte 2024 (en diante Evento) nun espazo deportivo como a Pista Central do Palacio de Deportes de Riazor ou similar, para un máximo de 1.036 persoas (1000 invitaos a cea e 36 traballadores do evento), organizada anualmente polo Servizo Municipal de Deportes (en diante SMD). Diríxese principalmente ao tecido deportivo da Cidade: alumnado das Escolas Deportivas Municipais (en diante EDM), asociacións deportivas, autoridades e personalidades da Cidade.

O contrato, cuxas condicións técnicas defínense no presente prego comprenderá as seguintes prestacións:

- Servizo de venda de tickets
- Servizo de montaxe de mesas, cadeiras, menaxe, decoración con plantas e todos os elementos necesarios para o desenvolvemento de unha cea de gala no Palacio dos Deportes de Riazor.
- Servizo de camareiros e camareiras.
- Servizo de catering.

2.- NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO.

A Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, no art. 25.2.m) establece como competencias propias dos municipios “as competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en... m) actividades ou instalacións culturais e deportivas; ocupación do tempo libre...”.

Nesta orde de cousas, a Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, no art. 80.2.n maniféstase nos mesmos termos.



O artigo 13 da Lei 11/1997, Xeral do deporte de Galicia, establece que corresponde aos concellos no seu respectivo termo municipal, fomentar e promocionar a actividade deportiva no seu territorio respectivo.

Polas razóns expostas, a área de deportes do Concello ten a vontade de promover a realización dun contrato prestacións de restauración para a celebración da Cea do Deporte 2024, dirixido principalmente ao tecido deportivo da Cidade: alumnado das Escolas Deportivas Municipais (en diante EDM), asociacións deportivas, autoridades e personalidades da Cidade. O número de asistentes a cea será entre 500 a 1000 persoas.

A cea do deporte leva realizándose dende hai moitos anos, sendo uns dous eventos máis emblemáticos do Servizo de Deportes do Concello da Coruña, ou cal, contribue a promoción do deporte na cidade.

3.- AUSENCIA DE MEDIOS MATERIAIS E PERSOAIS.

O Concello non dispón do material para fornecer, nin dos medios persoais necesarios para a entrega efectiva das prestacións dos servizos a realizar, polo que se propón a realización dun contrato de servizos de restauración da CEA DO DEPORTE 2024 por procedemento aberto simplificado “abreviado”, para o que se redactou o correspondente prego de prescricións técnicas, que se adxunta e no que se especifican: obxecto do contrato, orzamento e obrigacións das partes.

4.- XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN POR LOTES.

De conformidade co previsto en artº. 99.3 da Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, en diante LCSP, ao tratarse dá contratación de servizos de restauración para a celebración dá Cea do Deporte 2024, os cales son prestacións necesarias para un evento desta envergadura, que deben estar coordinadas e organizadas en conxunto, **non procede a división en lotes.**

Ademais, cabe a posibilidade de que unha vez dividido en lotes o contrato, algún dos lotes queda deserto. De ter que convocar unha segunda licitación, sería bastante probable que non se adxudicase coa antelación suficiente que permitise dispoñer dos servizos necesarios para a realización do evento.

Por tanto, o contrato non se divide en lotes. A división en lotes do contrato implicaría facer un lote por cada un dos servizos, o cal daría lugar a unha execución do contrato excesivamente difícil desde un punto de vista técnico e á necesidade de coordinar aos diferentes provedores para un mesmo evento deportivo.



Todo iso implicaría dificultades á hora de executar o contrato.

5.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO.

O orzamento do contrato impútase á Partida 52.341.22799 do Orzamento para 2024.

O gasto relativo a este contrato está previsto no Orzamento Municipal do ano 2024, o cal foi aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en data 28 de decembro de 2023 previa emisión dos correspondentes informes acreditativos de situación de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e débeda da Corporación.

Por tanto, conclúese que devandito contrato non ten repercusións no cumprimento por parte do Concello dos principios de estabilidade orzamentaria e de sustentabilidade financeira.

6.- REVISION DE PREZOS.

Os prezos de contratación dos servizos comprendidos neste contrato, considerando o seu prazo de entrega non poderán ser obxecto de revisión en ningún caso e por tanto non se aplicará fórmula algunha de revisión.

7.- PRAZO DE EXECUCIÓN.

O prazo de execución do contrato será de trinta (30) días naturais, prazo que poderá ser reducido polos licitadores nas súas ofertas, sen que exista a posibilidade de prórroga.



8.- FORMA DE PAGO.

O pago do prezo efectuarase previa presentación dunha única factura correspondente ás subministracións entregadas e requirirá de informes dos Servizos Técnicos (que incorporarán de oficio escrito relativo á recepción do material) e Fiscalización.

9.- TIPO DE CONTRATO.

De conformidade co artigo 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), este contrato é un contrato administrativo de prestacións de servizos e, de acordo con o art. 131 LCSP, propónse a súa adxudicación utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo, e utilizando o procedemento aberto simplificado "abreviado" que se recolle no artigo 159.6 LCSP, por tratarse dun contrato de servizos cuxo valor estimado é inferior a 60.000,00 euros.

10- COMPETENCIA PARA LA CONTRATACIÓN.

Os acordos que se adopten son competencia da Xunta de Goberno Local, de acordo co disposto na Disposición Adicional Segunda da LCSP.

A competencia para a contratación deste tipo de contratos foi delegada, pola Xunta de Goberno Local, no 3º Tenente de Alcaldesa e Coordinador Responsable da Área de Fomento e Promoción da Cidade, por tratarse dun contrato de importe inferior a 60.000 euros.

O acordo de delegación da Xunta de Goberno Local é de data 05/07/2023, publicado no BOP núm. 131 con data 11/07/2023.

A Coruña, na data da firma electrónica do presente documento

A Xefa do Departamento de Deportes

Maria del Carmen Tapia Porto